

As editoras avanza os grandes éxitos literarios do Nadal

Os premios nacionais recoñecen o talento da creación en galego

Biblos

CLUBE DE LECTORES



Os libros ardían mal. Un deles moveuse na fogueira máis próxima e a

Hércules pareceulle ver que abría de súpeto en abano as frescas gallas vermellas dunha branquia de abadexo. Outro desprende un

anaco incandescente que rodou como un ourizo de mar de neon polos chanzos dunha escaleira de incendios. Logo pensou que era unha lebre atrapada a que se remexía na morea ardente e que un remosque de vento, que avivou algo a pira, espallaba en faíscas todos e cada un dos pelos da súa pel queimada. Así, a lebre mantiña a súa forma na gráfica do fume, e estricaba as zancas para alancar na diagonal acristalada do ceo da avenida atlántica.



As primeiras fogueiras dos libros foran dispostas alí, a carón da

Dársena, camiño do Parrote. Por dicilo así, no ventre urbano, onde o mar pariu a cidade, o primeiro

niño de pescadores, e xa medrou moito a herba dende entón, mesmo nos tellados, que teñen vocación de verde en festa, nese lugar que hoxe é centro onde conflúe o transporte das

lanchas da baía, os tranvías urbanos e os coches de liña do interior. As outras fogueiras arden alí ao lado, na praza maior, que leva o nome da María Pita, a heroína que encabezou a defensa da cidade nun dos moitos ataques por mar e á fronte dun comando de mulleres pescantinas, e onde agora está situado o pazo municipal coa lenda de «Cabeza, Garda, Chave e Antemural do Reino de Galicia». Curtis oía falar de cando en vez de María Pita, a heroína, na Academia de Baile, como se aínda vivira, nese presente inmorredoiro que é o andar na boca da xente, de chuschús, e non só porque plantara cara ao corsario e almirante Francis Drake, senón porque casara catro veces e un xuíz tivo que advertirla de que era moito enviivar e non se lle debían morrer máis homes nas batallas da cama.

Hai unha pobre, a quen chaman a Zamorana, que vive e dorme entre as tumbas e panteóns, na cidade dos mortos, no campamento mariño de San Amaro. Hércules levou unha vez un bo susto con ela cando saíu de súpeto de detrás dun sepulcro e preguntoulle amosando un xaruto:

Neno, tes lume?

En realidade, a Zamorana non é unha esmoleira. Ela, a Zamorana, ten un traballo só pago con propinas, pero moi importan-

Un bimestre moi activo

A librería Biblos de Betanzos acolleu no mes de setembro un encontro entre o escritor betanceiro Xesús Fraga e o poeta leonés Rafael Saravia dentro do programa Afinidades electivas da Dirección Xeral do Libro (Ministerio de Cultura). A xuntanza desenvolveuse coa naturalidade coa que dous coñecidos falan devagar dos temas que lles son afíns, como son neste caso a familia, a importancia da memoria, a conciencia da propia identidade, a defensa e coidado do medio e unha debilidade confesa polo punk e o jazz. "Entendo a literatura como unha especie de nación que nos acolle a todos", declarou o Xesús Fraga. "Me liga a Jesús esa idea de volver a visitar todo eso que nos conforma como personas", dixo Saravia, quen nestes tempos nos que mandan a présa e o control do futuro inmediato avogou por botar a vista atrás e facer "apología del recuerdo". A conversa estivo adobiada coas lecturas de textos propios das que os autores ían debullando materias substanciais na súa escrita.

Por outra banda, o historiador da arte Carlos López Bernárdez e o doutor en Antropoloxía Cultural pola Universidade Autónoma de Madrid Xosé Ramón Mariño falaron do sentido simbólico da arte medieval ao fio da presentación do seu libro *Bestiario en pedra. Animais fabulosos na arte medieval galega*, editado por Laiovento. A xornada comezou cunha cita de Adso de Melk, narrador da coñecida novela de Umberto Eco, para seguir indagando na interpretación de como entendían esta arte os homes e mulleres da Idade Media, e falar da linguaxe simbólica dos distintos bestiarios.

Visitaron tamén a librería Moncho Viña, Alfonso Hermida e Adrián Viña Menéndez, autores de Moito que contar o libro publicado por Baía Edicións no que recollen cento vinte historias, en cento dez capítulos, acompañadas dun mollo de fotografías, moitas delas inéditas. Por suposto que non houbo tempo a comentar todas esas anécdotas, pero si a falar dalgunhas das máis salientables e doutras pouco ou nada coñecidas. Facendo gala dunha envexable camaradería os tres analistas deportivos debullaron a intrahistoria e lembranzas dos anos dourados do Deportivo, de Arsenio Iglesias, de Riazor.

Logo da publicación da *Guía definitiva dos mamíferos de Galiza*, Nacho Munilla, investigador e experto en biodiversidade, e Pancho Lapeña, filósofo e ilustrador, falan das catro guías sobre natureza que levan publicadas e que deron en chamar "definitivas", concibidas como obras de divulgación útil e atractiva tanto para pequenos e maiores, para expertos e profanos.

Da man da psiquiatra e psicoterapeuta Anabel González indagamos na teoría do apego para concluír que a seguridade no apego pode cultivarse e desenvolverse se aprendemos a mirar cara ao interior e outra maneira de conectar coas outras persoas. González Vázquez é autora de títulos tan coñecidos como *Lo bueno de tener un mal día*, *Las cicatrices no duelen* e *¿Por dónde se sale?*, publicados pola editorial Planeta en 2020, 2021 e 2023, e doutros textos dirixidos a especialistas, sendo o máis recente *Entender y evaluar el apego* (Imaya, 2024). E por último, a escritora Marta Estévez presentou a súa segunda novela, *La tercera orilla* (Plaza & Janés), unha saga familiar que abarca tres períodos diferentes e transcorre entre Galicia e Venezuela.




Foto: Distrito Xermar

Cando literatura e

Premio Nacional das Letras 2024 para Manuel Rivas pola solidez da súa traxectoria e a defensa da memoria histórica, a responsabilidade social e a lingua galega



Manuel Rivas Tras do Ceo

Unha cuadrilla de cazadores, urbanos e con relacións de amizade e negocios, participa nunha batida na que o obxectivo é "O Solitario", un lendario porco bravo, a quen se lle atribúe unha morte e ataques a participantes noutras cazarias. No escenario da batida, dúas mulleres sendeiristas afrontan unha situación de risco e os cazadores acoden na súa axuda. O que comezou sendo unha conversa informativa e amábel deriva nunha tensa discusión, sobre a caza e outros asuntos da vida, até chegar a un punto de violencia verbal. As mulleres, nai e filla, abraidas pola situación, deciden fuxir. Dombodán, o máis novo da cuadrilla e o único que é natural de Tras do Ceo, o territorio onde transcorre a historia, vai narrando os feitos que se suceden nunha xornada trepidante. E faíno cunha ollada propia, que perturba e engaiola a un tempo, levando da comedia ao inferno.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 216 páxinas
ISBN: 978-84-1110-572-9
18 €

A Portada


Celebrar o solsticio de inverno vén, de vello, unido ao lume. Que mellor que arriba dunha escaleira de *Os libros arden mal* de Manuel Rivas, para nos enganar para as próximas festas do Nadal?

Premio Nacional de Poesía 2024 para Chus Pato por Sonora



Foto: Jesús Chacón

Chus Pato (Ourense, 1955) é a gañadora do Premio Nacional de Poesía 2024 por *Sonora*, un poemario publicado por Xerais en novembro de 2023. O xurado deste premio que entrega o Ministerio de Cultura destacou o libro por ser “unha obra experimental, unha expansiva e concentrada conversa entre o poema e a morte, aquela que, tras a orfandade da nai, arrastra os lectores cara aos abismos da propia liñaxe”. O xurado define a autora como unha peza fundamental da poesía galega e subliña as “novas formas de deconstruír e reconstruír os marcos do pensamento poético tradicional”. Do mesmo xeito, o xurado sinalou que o poemario crea “espazos textuais repletos de fugas: retóricas, semánticas, capaces de hibridar distintos códigos nos que se desprega toda a súa inextinguible potencia sonora. En *Sonora*, memoria persoal, social e política murmuran as múltiples voces dunha das poetas contemporáneas máis audaces. Chus Pato móstranos na súa obra o enfoque da poesía como elemento transformador da linguaxe”.



Sonora

É unha conversa entre o poema e a morte. “Sonoro é o ollo do lago: algo cae e produce nove acordes, nove ondas no fulgor da noite”, di a editora. “Sonora é a alianza que se herda, o anel que grava o nome na cara interna do metal. Sonoro é o coito, a éxtase. Sonora, a orfandade materna que sitúa a escrita deste libro na rompede da estirpe.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 168 páxinas
ISBN: 978-84-1110-438-8
12,95 €

compromiso van da man

O Ministerio de Cultura vén de conceder a Manuel Rivas o Premio Nacional das Letras Españolas deste ano. O martes 29 de outubro o xurado destacou ao autor pola “extraordinaria calidade narrativa que xunta forza emocional e beleza formal e pola solidez dunha traxectoria versátil e coherente construída coa sensibilidade e a defensa da memoria histórica, a responsabilidade social e a lingua galega”. O xurado subliñou que “poucos autores do panorama literario español, partindo dun

compromiso firme coa súa lingua, conseguiron alcanzar tal recoñecemento a nivel mundial”. En Manuel Rivas literatura e compromiso foron sempre da man. Ademais, o xurado sinalou que a súa obra “acompaña o seu activismo, cunha pluma que, sen adoutrinamento, axita consciencias, induce á reflexión e estimula o pensamento cara á defensa da pluralidade lingüística e cultural e cara á igualdade de xénero. Manuel Rivas, cunha voz

poderosa e singular, crea literatura e, con ela, volve situar a escrita galega no Olimpo das Letras Nacionais”. Rivas é o primeiro autor en idioma galego que recibe o galardón dende a súa creación en 1984. O premio distingue o conxunto da labor literaria, en calquera das linguas españolas, dun autor ou autora, cuxa obra sexa considerada parte integrante do conxunto da literatura española actual. Na pasada edición recoñeceu

a Cristina Fernández Cubas, uníndose a unha ampla lista de galardoados, entre os que se atopan Luis Landero, Rosa Montero, José María Merino Sánchez, Luis Mateo Díez, Francisca Aguirre ou Bernardo Atxaga, entre outros. Manuel Rivas foi traducido a corenta idiomas, recibiu numerosos premios pola súa traxectoria tanto xornalística como literaria e algunhas das súas obras máis coñecidas foron levadas ao cine.

Narrativa

- Un millón de vacas**
Xerais 104 páxinas
ISBN: 978-84-1110-440-1
17,05 €
- Os comedores de patacas**
Xerais 128 páxinas
ISBN: 978-84-9121-932-3
18 €
- En salvaxe compañía**
Xerais 184 páxinas
ISBN: 978-84-9782-930-4
21,80 €
- Que me queres, amor?**
Galaxia 188 páxinas
ISBN: 978-84-8288-915-3
17,29 €
- Que me queres, amor?**
Edición 25 aniversario ilustrada por Diego Estebo
Galaxia 144 páxinas
ISBN: 978-84-9151-573-9
21,13 €

- O lapis do carpinteiro**
Xerais 152 páxinas
ISBN: 978-84-8302-261-0
18,52 €
- Ela, maldita alma**
Galaxia 164 páxinas
ISBN: 978-84-9865-363-2
15,86 €
- A man dos paños**
Xerais 144 páxinas
ISBN: 978-84-8302-591-8
19,47 €
- Os libros arden mal**
Xerais 752 páxinas
ISBN: 978-84-9782-461-3
28,45 €
- Todo é silencio**
Xerais 280 páxinas
ISBN: 978-84-9914-169-5
19,90 €
- O último día de Terranova**
Xerais 256 páxinas
ISBN: 978-84-9914-941-7
19,90 €

- Vivir sen permiso e outras historias de Oeste**
Xerais 144 páxinas
ISBN: 978-84-9121-456-4
18 €
- As voces baixas**
Xerais 208 páxinas
ISBN: 978-84-9914-440-5
19,47 €
- A nena lectora**
Xerais 40 páxinas
ISBN: 978-84-1110-001-4
16,10 €
- O máis extraño**
Xerais 488 páxinas
ISBN: 978-84-9914-285-2
25,60 €

Ensaio

- Contra todo isto**
Un manifesto rebelde
Xerais 264 páxinas
ISBN: 978-84-9121-396-3
19,47 €
- Zona a defender**
A esperanza indócil
Xerais 176 páxinas
ISBN: 978-84-9121-792-3
19,47 €
- Os Grouchos**
Xerais 296 páxinas
ISBN: 978-84-9782-850-5
20,85 €
- Infantil-xuvenil**
- Bala Perdida**
Xerais 152 páxinas
ISBN: 978-84-9121-072-6
11,50 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €
- O Chispas**
Xerais 72 páxinas
ISBN: 978-84-9121-672-8
13,50 €

- Unha espía no reino de Galicia**
Xerais 232 páxinas
ISBN: 978-84-9782-193-3
21,80 €
- A corpo aberto**
Xerais 352 páxinas
ISBN: 978-84-9782-929-8
21,80 €
- Episodios galegos**
Tempos de esperpento
Xerais 264 páxinas
ISBN: 978-84-9782-661-7
19,90 €
- O raposo e a mestra**
Xerais 96 páxinas
ISBN: 978-84-9914-576-1
11,50 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €
- Todo ben**
Xerais 136 páxinas
ISBN: 978-84-9782-631-0
12,95 €

Poesía

- Do descoñecido ao descoñecido**
Obra poética (1980-2003)
Espiral Maior 364 páxinas
ISBN: 978-84-9562-585-4
17,10 €
- A boca da terra**
Xerais 104 páxinas
ISBN: 978-84-9914-932-5
15,50 €
- Teatro**
- O heroe**
Xerais 112 páxinas
ISBN: 978-84-9782-371-5
18,95 €
- Madonna e outros contos de inverno**
Xerais 112 páxinas
ISBN: 978-84-9914-906-6
13,50 €
- O sombreiro chichiriteiro**
Xerais 64 páxinas
ISBN: 978-84-9782-962-5
15,50 €

Lara Dopazo Ruibal




Contos gringos

Unha ducia de relatos que propoñen unha viaxe cara ao profundo dos Estados Unidos. Hai tornados, campos de millo, animais salvaxes, reptilianos, mortes inesperadas e moito, moito frío. Desacougo e violencia, fenómenos naturais e segredos, bestas animais e bestas humanas. A realidade e o sobrenatural mestúranse, ata que é imposible distinguilos. Lara Dopazo (Marín, 1985) é licenciada en Xornalismo. Publicou as obras *Os lobos na casa de Esaú* (2017), *Claus e o alacrán* (2018) e *O axolote e outros contos de bestas e auga* (Premio Illa Nova de Narrativa, 2020), entre outras obras. Tamén traduciu para o galego a poeta Antonia Pozzi en *Lume branco* (2021). Entre 2021 e 2023 viviu en Iowa, fonte de inspiración para esta obra.

Galaxia Rústica
15 x 23 cm 118 páxinas
ISBN: 978-84-1176-330-1
15,58 €





Antía Yáñez



O clan das barbies

Nun mundo onde semella que os cartos poden comprar todo, tres persoas atópanse nunha clínica de fertilidade. Non se coñecen, pero ese encontro fortuíto será o inicio dunha amizade xurrida da desesperación e da carraxe. A Alma gustaríalle ser invisible, pero as cargas familiares impídenllo. Carla fixo o imposible por salvar un pai que só sabía querer unha muller morta. An loitou desde ben pequeno por cumprir coas expectativas da nai, mesmo se tiña que esquecerse da súa propia identidade. Estas tres vidas entretécense ata que as costuras non dan máis de si, rebentando de forma violenta para dar paso ao que realmente agochaban debaixo: vinganza.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 216 páxinas
ISBN: 978-84-1110-607-8
17,57 €



Marina Gómez Pose A muller de ollos mouros e intensos

Pouco despois da traxedia do *Prestige*, Celia viaxa á Vila da Ara Solis onde se instala na antiga vivenda dunha amiga. Ali sentirase profundamente atraída polo retrato de mamá Adela, quen custodiou os vellos tesouros familiares entre os que se atopan unhas follas cheas de vida, de velhas historias dunha época pasada.


Medulia Rústica
14 x 21 cm 196 páxinas
ISBN: 978-84-10324-29-9
17 €



Manuel Portas Faneca brava

A prima Concha é unha muller singular. Homes singulares sempre os houbo. Algúns chegan a ser recoñecidos por esa singularidade. No caso das mulleres –se cadra non, seguro–, o recoñecemento é para moi poucas. A vara de medir non é a mesma. Mais elas están aí, Concha está aí. A historia da Faneca fica aquí para quen a queira ler. Pode non só ser novela.


Galaxia Rústica
15 x 23 cm 244 páxinas
ISBN: 978-84-1176-333-2
20,43 €



Xosé Lesta Meis Estebo

Publicada por primeira vez na Coruña en 1927, é a contribución literaria máis importante de Xosé Lesta Meis. Novela-documento que achega o contexto do mundo rural na época da emigración masiva a Cuba no primeiro cuarto do século XX. Emprega procedementos narrativos próximos ao costumismo.

C. da Cultura Rústica
14 x 21 cm 296 páxinas
ISBN: 978-84-17802-60-8
15 €



Pedro P. Riobó Tina e Xeró

Durante o verán que separa os seus respectivos aniversarios, unha nena e un neno navegan nunha dorna até unha illa deshabitada na que, por azar, descubren un terrible segredo que os levará a expoñerse a ameazas e perigos improprios da súa idade. Ambos terán que encaraselo co mundo dos adultos, inzado de ocultacións, contradicións e desconfianzas, no que parece dominar sempre a inxustiza e a cobiza.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 216 páxinas
ISBN: 978-84-1110-590-3
18,52 €

Alberto Ramos

O xornalista e escritor obtivo en 2006 o Premio Biblos-Pazos de Galicia coa obra *Dor pantasma*. En 2009 gañou o Premio de novela por entregas de La Voz de Galicia coa obra *Con acuse de recibo*, tamén publicada por Biblos en 2010. Mereceu o premio de creación literaria Vicente Risco en dúas ocasións: en 2012 con *Todos os días* (Sotelo Blanco, 2013) e en 2018 con *A simetría das bestas* (Urco, 2018). Coa novela *Máscaras rotas para Sebastian Nell* (Galaxia) acadou o Premio García Barros en 2014 e con *Os corpos dos Romanov* o Premio Narrativa Breve Repsol na edición de 2022. En 2023, mereceu o Premio Rafael Dieste de textos teatrais coa obra *Conxo, non restraint*.



Pirotecnia

Cando a Pirotecnia QuiGarSA estoura, parte da súa cuberta aterra a case dous quilómetros de distancia e a onda expansiva absorbe o aire que a rodeaba. E o aire é o que lles falta aos homes e mulleres protagonistas desta novela coral, que entra nos efectos que tan trágico suceso causa na familia propietaria da pirotecnia, nos veciños da vila, na opinión pública e na clase política. "Narrada co pulso da mellor novela negra e da crónica xornalística, Alberto Ramos constrúe unha arañeira de mentiras, enganos e traizóns onde o lector quedará atrapado ata o remate, mentres tenta recompoñer, entre o cheiro acre da pólvora e da morte, o verdadeiro crebacabezas do que aconteceu", avanza a editora.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 140 páxinas

ISBN: 978-84-1176-348-6

15,29 €


XVIII PREMIO DE
NARRATIVA BREVE REPSOL

María Reimóndez

Retorno

Nun mundo onde a "Cobiza" deu paso á destrución, no momento en que as "Multitudes" se atopan na encrucillada, *Retorno* desentraña as capas que compoñen a cerna da Triloxía dos seres completos de María Reimóndez. Nesta nova e última novela conflúen todas as voces, os tempos e as historias dos libros precedentes para enfrontarse a unha pregunta vital: en mans de quen deben estar as decisións que determinan a supervivencia do planeta? Unha vez máis, Reimóndez tira da filosofía, da ciencia, da aventura e dunha escrita complexa e profunda para, dende voces que superan o humano, dar unha resposta innovadora e emocionante ás preguntas do presente a través dunha potente historia de ficción.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-1110-588-0
18 €




Alberto Mancebo

Indolente

Ano 2041. O Ministerio da Presidencia acaba de emitir un comunicado para alertar a cidadanía dunha gran tormenta xeomagnética causada por unha erupción solar que afectará o planeta nas próximas horas. Este contundente fenómeno atmosférico xa sucedera sete anos antes, con intensas auroras boreais atravesando o ceo de todo o mundo e con fallos xeneralizados nos sistemas de comunicación e de subministración eléctrica. Alberto Mancebo crea unha poderosa e inquietante narración cunha atmosfera hipnótica e abafante para enfrontar unha historia de ameazas climáticas que sitúan os personaxes nun escenario agónico e ante a necesidade de se decidiren entre a solidariedade ou a supervivencia individual.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-1110-571-2
17,05 €



Marta Villar

Detective Ferruchi

Sol Cortés deixa a cidade onde vive e o seu traballo como padronista en Inditex para regresar á súa vila natal e abrir unha librería. Aos poucos días aparece brutalmente asasinado Xan Sequeiro, un veterinario introvertido e cun don especial para curar animais. A trama céntrase na investigación paralela deste crime que realiza Sol e durante as súas pescudas xorden unha morea de personaxes peculiares e sorprendentes que amosan, unhas veces con humor e outras con gravidade, temas da sociedade actual que invitan á reflexión. Ao longo da historia visibilízanse colectivos minoritarios que reivindicán o valor da diferenza e rachan cos prexuízos.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 480 páxinas

ISBN: 978-84-1110-591-0

19,90 €

Víctor F. Freixanes


O enxoval da noiva

Nos derradeiros días de 1501, a princesa Lucrecia Borgia, filla do papa Alexandre VI, casa por poderes en terceiras nupcias co vincteiro de Ferrara,

Afonso de Este. Para magnificar o acontecemento, o pontífice ordena adiantar ese ano a celebración do Entroido ao Nadal, exhibición de poder diante da curia, as grandes potencias de Occidente e as familias romanas. Partindo de feitos e personaxes históricos, a novela deriva cara a unha alegoría, parábola ou parodia inspirada na tradición escatolóxica cristiá sobre o Final dos Tempos, espectáculo cósmico onde as forzas do Ben e do Mal se enfrontan ciclicamente. Anúnciase

un novo tempo, coa destrución dos antigos valores, encarnados na figura do misterioso cabaleiro Tristán Britano, que acompaña a comitiva dos ferrareses.

Galaxia Rústica
15 x 23 cm 276 páxinas
ISBN: 978-84-1176-347-9
19,28 €






Miriam Couceiro Castro De óxido e diamantes

Primeira novela da autora. En *De óxido e diamantes* explora o universo das relacións románticas entre mulleres, salpicadas pola toxicidade das redes sociais e a violencia que un mundo, neoliberal e acelerado, exercen contra calquera ser humano, especialmente se se trata do sexo feminino. Miriam Couceiro comezou a súa traxectoria literaria como autora de ensaio, con grande influencia na súa escrita das historias de vida, os métodos de investigación social cualitativos e o feminismo. Na actualidade céntrase en proxectos vinculados co relato e a novela, e segue un camiño trenzado co feminismo radical, a mística do cotián e o xeito en que as mulleres articulan a vida. Coruñesa de adopción, busca escenarios literarios en lugares como os taxis, as paradas de bus, os trens, os avións e os tanatorios, pero sobre todo, nas historias que escoita ou que as persoas lle adoitan contar.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-1176-334-9

15,10 €




César Cequeliños Sábeme a salamántiga o ceo da boca

Ano 1905. A estraña parella composta por Ícaro Anón, mozo xornalista afincado en Lisboa, e Madame Dax, especialista estadounidense do oculto, encaran un misterio que enfronta o visible coas enerxías invisibles. Nesta novela cómica de aventuras de ambientación histórica, o xurado do Premio Torrente Ballester destacou "a riqueza e axilidade dos seus diálogos, así como o elemento fantástico, que encaixa á perfección na trama".

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 540 páxinas

ISBN: 978-84-1176-344-8

25,65 €




Ana Varela Runrún

Tras a prematura morte dos seus pais, Aldara sofre un episodio psicótico, e a súa irmá, Uxía, faise cargo, soa, da situación. Esta é a historia de Uxía, unha xanela cara a súa vida. Apenas unhas horas que nos deixan ver como todo pode virar nun momento e o fácil que é estar no outro lado do espello, iso que tanto temor suscita.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 124 páxinas

ISBN: 978-84-1176-331-8

15,58 €




Ramón Torrado Romero As almas comunicantes

A historia dunha familia xunto co relato dunha estraña decisión vital son os eixes sobre os que se desenvolve esta obra, que conta con varios narradores e múltiples listados. Son enumeracións diversas de, por exemplo, músicas, películas ou lecturas. Unha mirada ao pasado da terra galega e ao eido da emigración.

Medulia Rústica
15 x 23 cm 318 páxinas

ISBN: 978-84-10324-22-0

18,90 €



Pedro Rodríguez Villar Alén da néboa

Ata onde se pode chegar para evitar a tristeza? Mario leva tempo pensando en acabar coa súa vida e decide apuntarse a un novidoso programa de doazóns de felicidade a través do que consegue toda a alegría de Lucky a cambio da súa tristura. Leticia naceu en Baroña, unha aldea illada por unha densa néboa onde todos deben medrar felices para poder salvar os seus deuses abatidos. Escudriñando as vidas de Leticia e de Mario achégase unha sociedade que loita por curar a súa tristeza e ansiedade, pero... a que custo?

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-1110-533-0

15,50 €




Susana Fragueta Vale Enfiando a vida

A vida de Lali segue o sendeiro marcado para unha muller na primeira metade do século XX, incluso cando o seu home ten que emigrar. Pero cando a traxedia lle descobre que os seus temores eran certos e perde dúas veces o que máis quería, ten que tomar decisións e atopar outro xeito de vivir coa dor da traizón. Sofia é unha rapaza que sabe o que quere. Por iso, cando no traballo trasladan a Pedro alén os mares, ela toma unha rotunda decisión. O que une e separa a Lali e Sofia vaise tecendo en *Enfiando a vida* para presentar un retrato da Galicia dos séculos XX e XXI, onde a emigración muda e se adapta aos novos tempos.

Hércules Rústica
16,5 x 24 cm 132 páxinas

ISBN: 978-84-19754-46-2

17,10 €



Olga Fernández Sixto Os contos de moi

Segue as aventuras de dous misteriosos viaxeiros na Galicia do século XII, onde os seus camiños se cruzan cos de personaxes históricos como Diego Xelmírez ou a raíña dona Urraca, e tamén cos de personaxes do rico folclore galego, como mouros, trasnos e lavandeiras. Os protagonistas desta novela tamén enfrontan temas universais como o amor, o desamor, a sexualidade, os medos, a soidade, a amizade, a familia, a morte, a migración, o retorno e o paso da infancia á vida adulta.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 298 páxinas

ISBN: 978-84-10324-37-4

17 €

Cecilia F. Santomé

Cecilia F. Santomé (San Simón, Vilalba, 1984) é tradutora, narradora e lingüista. A súa experiencia en proxectos de xornalismo colaborativo ("Toonari Post", "55 Pages") inspirou a creación de *Coolt*, revista en liña que codirixiu e editou entre os anos 2016 e 2018. En 2017, recibiu o Premio Literario Nortear para a mocidade escritora de Galicia e do Norte de Portugal polo seu relato "34, Rue Saint Jacques". En 2021, foi recoñecida co terceiro premio no Certame de Narracións Breves Manuel Murguía por *As orfas daquel verán*. *As despedidas* é a súa terceira novela, tras *Quérote. Eu tampouco* (Xerais, 2019) e *Unha rapaza de provincias* (Xerais, 2021).




Foto: T. Valcárcel



As despedidas

"O avó morreu hoxe. Ou quizais foi onte". Así, entre titubeos, arrinca esta crónica íntima dun dó con sabor a outro tempo. Un en que os defuntos eran velados nas casas, en que as capelas ardentes permanecían abertas día e noite e en que os curas eran salvadores de almas e mesmo de pellos cando a loxística non acompañaba. Velaquí setenta e dúas horas nunha burbulla de silencio, tristeza e fastío que se converten nun exercicio memorístico. Xestos, movementos e espazos que desencadean lembranzas, fiando unha elegía por quen marchou, pola propia infancia, por unha forma de vida que se esfarela no aire. E todo iso para chegar a unha conclusión: unha neta sen o seu avó é unha orfa de segunda.


Xerais Rústica
15,5 x 123 cm 134 páxinas
ISBN: 978-84-1110-606-1
17,05 €



Luísa Villalta Formas breves de pensamento

"Luísa Villalta entendía a literatura como unha das artes da sedución", di a editora. E, nestas *Formas breves de pensamento*, que compilan textos do seu legado literario, maiormente inéditos, a autora homenaxeada no Día das Letras deste ano seduce na distancia curta e íntima da brevidade e a precisión. Palabras destiladas ao máximo en forma de aforismos, haikus, reflexións e breves poemas, esencia mesma desa vida tan diferente, a arte, pois nela un pode mentir. Ilustracións de Alfonso Costa e Carolina Rouco Villalta.

Galaxia Rústica 15 x 22 cm 124 páxinas
ISBN: 978-84-1176-324-0
15,50 €



Xavier Alcalá A capital do mundo

É 1957, un adulterio, un amor imposible, impulsan a unha rapaza coruñesa a emigrar. Nova York, *A capital do mundo*, sempre atraera a Nieves Ocampo e cara alá marcha cunha parada previa na Habana. Ese alto na ruta, inicialmente curto, devirá en peripecia vital nunha viaxe por un mundo inimaxinable. A emigración é tema principal na obra de Xavier Alcalá. Tras relatar vivencias propias en *La Habana flash*, entrou a fondo na Revolución de Cuba con *Verde oliva* dando voz á "axente Mariana", galega loitadora pola liberdade. Con *A capital do mundo* retorna á escena revolucionaria, onde Nieves recolle, ao seu xeito, o testemuño de Mariana. É a primeira parte de Mayimbes –os irmáns Castro e as elites do réxime–, entre os que sobrevive a protagonista.

Galaxia Rústica
15 x 23 cm 366 páxinas
ISBN: 978-84-1176-317-2
21,37 €



M.ª Carmen Rey Núñez Esconxuros para un rei

Zeltia, posuidora de capacidades precognitivas especiais, é vendida pola súa nai Xacinta (que por mor de ter o pelo roxo e pencas foxe da inquisición de Castela) e mais polo seu pai a unha meiga da montaña de Lugo. Zeltia pasa por unha fase de aprendizaxe até que a meiga morre nun incendio e terá que fuxir iniciando unha viaxe a Compostela disfrazada de rapaz. Alí empeza unha nova vida e acaba coñecendo ao rei Filipe IV, co que iniciará unha relación de amor pasional. Texto de fácil lectura, cun punto de novela picaresca ao inicio que vai avanzando cara un relato de corte histórico, no que a autora presenta diversas situacións de abuso de poder, inxustizas, feminismos e loita de clases. Con ilustracións de Montse Rubio.


Baía Rústica
14 x 21 cm 336 páxinas
ISBN: 978-84-9995-452-3
21,85 €



Jorge Emilio Bóveda A palabra salvaxe

Compilación de trinta relatos curtos, que abrangue dende os suxestivos e impactantes inicios da escrita até a súa adoita e serena madurez. "Se a persoa lectora está disposta a arriscarse, a transitar por atmosferas insás, a achegarse a sociedades embrutecidas, a recibir atinadas coiteladas ou a testemuñar o insólito, non o dubiden, *A palabra salvaxe* é unha excelente opción", di a editora.


Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 164 páxinas
ISBN: 978-84-128497-8-3
15,20 €



Alberte Blanco Casal A soidade do inquisidor

Durante o último terzo do século XVI chegaron á casa do Santo Oficio de Compostela rumores sobre prácticas pouco acordes coa doutrina católica no condado de Monterrei. O licenciado Xoán de Freixedo será o encargado de dirixirse á comarca do sueste ourensán para iniciar unha pescuda co fin de aclarar a natureza dos rumores. A aparición duns cadáveres provocará que a pescuda se vexa alterada e na que se verán implicados os xesuítas, o inquisidor Diego de la Cantera, a condesa dona Inés de Velasco e outros moitos personaxes. A trama e o desenlace desta novela negra con fondo histórico seduce polo seu trepidante ritmo e por unha narrativa que nos mergulla nunha atmosfera de intriga atravesada pola transgresión, a intolerancia e a liberación.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 384 páxinas
ISBN: 978-84-1110-559-0
18,52 €



Iakovos Pitsipios

O mono Xouth

Esta novela, cuxa tradución ao galego é a primeira a unha lingua romance, considérase pioneira da literatura fantástica escrita en grego moderno. Como adianta o título, céntrase nas peripecias de Xouth, un enigmático escritor e viaxeiro alemán que acabou metamorfoseado nun orangután e posto ao servizo dun home grego europeizado que finxe pertencer a unha nobre estirpe. A través dunha hábil mestura de fantasía e cotiandade, esta obra –inacabada pero autoconclusiva– supón non só unha potente crítica dos costumes da época, senón incluso unha emenda ao concepto de civilización, presentada en forma de alegoría a varias voces; entre elas, sobre todo, a do mono. A tradución é de Alfonso Blanco.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 132 páxinas

ISBN: 978-84-128075-6-1
15 €

A Nobel de Literatura Han Kang traducida ao galego por Alba Vereza Pérez para Rinoceronte



Han Kang (Gwangju, Corea do Sur, 1970) estudou filoloxía coreana na universidade Yonsei, unha das máis prestixiosas do país. Debutou en 1993 co poema *Inverno en Seúl* e ao ano seguinte como prosista co relato *Áncora vermella*. En 1995 publicou *O amor de Yeosu*, a súa primeira colección de relatos. Entre as súas obras destacan as coleccións de relatos *A froita da miña muller* e as novelas *Cervo negro*, *A vexetariana*, *Chegou o rapaz* (coñecida polo título en inglés *Human Acts*), *Branco* e *Non me despido*. En 2024 recibiu o Premio Nobel de Literatura.


Han Kang

A vexetariana

Yeonghye é unha muller que decide facerse vexetariana logo de empezar a ter soños violentos. O marido de Yeonghye, o seu cuñado e a súa irmá máis vella contan a historia desta muller dende o seu punto de vista nos tres relatos que compoñen a novela. No primeiro, "A vexetariana", un home mediocre descobre que a súa parella está cambiando. No segundo, "A mancha mongólica", a perspectiva é a do cuñado de Yeonghye, un artista audiovisual. O último, "As lapas das árbores", segue a Inhye, a irmá de Yeonghye. A tradución é de Alba Vereza Pérez.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 178 páxinas

ISBN: 978-84-17388-79-9
18,52 €




Amelia B. Edwards

Monsieur Maurice

Publicada orixinalmente en 1873, a obra está ambientada na Prusia posnapoleónica. A acción principal desenvólvese nun palacio rexio en Brühl, a onde por orde ministerial trasládan un prisioneiro para que fiquen baixo a custodia do coronel Bernhard, o novo intendente. A raíz dese feito, a filla única do mandatario establece case de inmediato unha intensa relación afectiva co reo, de exquisitos modos e rico pasado cuxa identidade supón un enigma. A obra figura en diversas antoloxías como *ghost-story* inglesa, pero parece conveniente lela máis como unha historia psicolóxica de devoción e namoro infantil, e non tanto como unha novela curta de terror ou pantasma. A tradución dende o inglés é de Alejandro Tobar.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 132 páxinas

ISBN: 978-84-128075-5-4
14,50 €




Francisco Narla

O bo vasalo

Principios do século XII: O Galego é un xeseiro que leva mal as inxustizas. Mais baixo o seu perenne silencio garda o segredo do que ocorreu en Valencia tras a conquista do Cide uns anos antes. Francisco Narla recrea un dos episodios máis coñecidos e peor contados da historia medieval: as fazañas dun guerreiro que se enfrontou por igual a cristiáns e musulmáns, que se arrepxo contra a inxustiza, tamén a exercida polo rei. O sangue e o ruído das batallas aparecen dun xeito vívido nesta novela canda o latexo das máis altas e máis baixas paixóns.

Aira Rústica
16 x 22 cm 536 páxinas

ISBN: 978-84-128837-6-3
22,70 €




Annie Ernaux

Memoria de rapaza

En *Memoria de rapaza*, Ernaux narra con estilo desenfadado os lances co amor, o desamor, o desexo e o sexo da apenas adulta Annie Duchesne, e como esta se converteu na Ernaux de hoxe. A autora regresa ao verán da súa maioría de idade e rememora a súa experiencia como monitora nun campamento e os seus seguintes anos como estudante. Traducido por Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-19795-66-3
16,15 €



Annie Ernaux

A muller xeadá

Criada nun ambiente pouco convencional, cuns pais que repartían entre si as tarefas domésticas, Annie Ernaux ambicionaba de nova unha vida diferente da dunha ama de casa. A súa independencia vese cuestionada cando se converte en esposa e constata que no seu fogar se perpetúan os vellos roles de xénero. "Dentro da casa unha suma de pequenos ruídos: o muíño de café, as cazolas. Fóra, unha discreta profesora, esposa dun executivo vestida de Cacharel ou de Rodier. Unha muller xeadá". A tradución dende o francés é de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 156 páxinas

ISBN: 978-84-19795-68-7
17,10 €

Carmen Dopico

Leo o Pirata

Leo, o protagonista deste refrescante conto rimado, é un pirata de carne e óso que está a dar a volta ao mundo en barco xunto aos seus pais, Carmen e Ori. Lectoras e lectores poden subir a bordo e acompañar a Leo nas súas aventuras mariñas e o día a día da vida nun veleiro, con coloridas ilustracións e texto en letra maiúscula para os primeiros lectores. Ilustrado por Héctor Borlasca e traducido por Xosé Duncan.


Bululú Cartonado
21 x 21 cm 28 páxinas

ISBN: 978-84-10049-23-9

15,50 €



2↑



Nieves García

Polo mar salgado

Libro con texto rimado para coñecer os mares e os seus habitantes nunha viaxe extraordinaria pola superficie e polo fondo. Polbos, linguados, atúns e sardiñas están nos xogos nocturnos acompañados da lúa. Nos versos rítmicos e sonoros de Nieves García, gran coñecedora da tradición poética, resoan os ecos de Lorca, Guillén, Alberti ou Miguel Hernández e son un vehículo ideal para transmitir-lles aos prelectores e prelectoras o gusto pola palabra iniciando o seu camiño no itinerario lector. Imaxes vivas e coloridas de Marina Gibert.

Kalandraka Cartonado
19 x 19 cm 20 páxinas

ISBN: 978-84-1343-340-0

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

3↑

XVII PREMIO
INTERNACIONAL
COMPOSTELA DE
ÁLBUM ILUSTRADO



María Girón


Bim bam bum

Unha disparatada aventura de amizade cun divertido xogo cos nomes e cos sons. Este XVII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado é unha obra fresca e divertida que amosa a cara máis lúdica da infancia. Tanto no texto como nas ilustracións están presentes de forma harmónica o xogo, a liberdade, o movemento, a experimentación fonética e o humor. O relato, sinxelo e musical, apóiase en recursos da tradición oral como os acumulativos e as repeticións, unidos a xogos fonéticos propios das vangardas. Conta cun ritmo vibrante que anima a continuar a súa lectura ata o final. Plasticamente destacan as imaxes de trazo libre que xogan co espazo e coas cores. Traducido por Manuela Rodríguez.

Kalandraka Cartonado 28 x 20 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-332-5

16,15 €



Pablo Nogueira

A meiga roubasóns


As nenas e nenos da vila andan tristes, estanlles roubando os soños que os facían felices e xa non saben de que falar, mesmo o sol brilla menos. Este conto anima a xogar coas palabras para conseguir unha boa pronunciación desas sílabas máis difíciles. Como é habitual o ilustrador Manuel Uña acompañaa a Pablo Nogueira e a Nube Branca debuxando a historia.

Baía Rústica 15 x 19 cm 28 páxinas

ISBN: 978-84-9995-454-7

14,50 €

Pararon un momento,
petaron nunha porta: Toc, toc!
E berraron:
—CAAATAAA!!



Para aprender a ler

A serie de Sally Rippin axeitada para primeiros lectores. Comezan lendo a palabra que aparece ao final de cada liña e continúan para ler a historia completa. Títulos ilustrados por Chris Kennett e traducidos ao galego por Raquel Senra Fernández.




Hércules Rústica
14 x 21 cm 40 páxinas
7,95 € cada título

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Sally Rippin Escola de Monstros 1 Unha mascota lambona

Non hai que levar mascota á escola. Coidado! A de María é superlambona.


ISBN: 978-84-19754-58-5



Sally Rippin Escola de Monstros 2 Un guedellán ao que lle gusta a marmelada e o pan

Este guedellán provoca unha maraña cada vez que come marmelada. Como o solucionará?


ISBN: 978-84-19754-59-2



Sally Rippin Escola de Monstros 3 Dúas irmás moi especiais

A algúns monstros gústalles xogar... E a outros, asustar.

ISBN: 978-84-19754-60-8



Astrid Lindgren As aventuras de EMIL

Un novo clásico de Astrid Lindgren en lingua galega protagonizado por un dos seus personaxes máis queridos. Emil ten cinco anos, é un neno forte coma un touro, valente e algo testán que vive nunha granxa chea de animais coa súa familia. Cos seus ollos azuis e o pelo louro e laúdo semella un anxiño, mais as súas trasnadas volven toda a toda a vila e ás veces teñen consecuencias inesperadas que poñen a proba o seu enxeño. Unha edición que conserva as ilustracións orixinais de Björn Berg, agora restauradas e coloreadas, quen, no seu día, viaxou a Småland para estudar con minuciosidade as casas, xardíns, valados, portas e a contorna da granxa da infancia do pai da autora.

Kalandraka Cartonado 16 x 23,5 cm 108 páxinas

ISBN: 978-84-1343-342-4

16,15 €



Simón Blanco, Miguel Robledo e Ignacio Hernández


As abraiantes aventuras de Mariña (Edición recompilatoria)

Lote que reúne as dúas entregas de *As abraiantes aventuras de Mariña*: "Carriandola" e "Bulleira". Unha aventura nun 2020 alternativo onde o mundo quedou sen electricidade e unha moza galega ten a chave para encontrar unha nova fonte de enerxía inesgotable. Cómic de aventuras con moito humor.

Aira Rústica 24 x 17 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-127695-0-0

23,75 €




Diego Giráldez Xulia e as cóxegas das nubes

Xulia decidiu nacer antes do previsto. Xusto o día que ficou sen electricidade a TurboBarloventa, a máquina que fabrica nubes de vida. Habrá algo que a poida substituír?

Aira Cartonado 24 x 17 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-128837-5-6

15,20 €



Fina Casalderrey e Xosé Cobas Filla das ondas

Unha forma diferente de coñecer Pontevedra, a súa historia, lendas e o patrimonio, a través do misterio e da aventura. Froiaz detesta Pontevedra, onde acaba de mudarse coa súa familia. Na noite de San Xoán escoita unha voz que canta cerca da súa xanela: era Mariña, unha nena con quen percorre a cidade baixo a lúa chea. Ela é capaz de facelo invisible ou transportalo a través do espazo e do tempo para coñecer a moitos dos personaxes que poboaron a cidade: Méndez Núñez, Benito Soto, Manuel Quiroga ou Castelao, entre outros. Pero Mariña garda un segredo: debe mollarse a cada pouco con auga salgada se non quere converterse en pedra. Fina Casalderrey, unha das escritoras máis importantes da literatura infantil e xuvenil galega, galardoada co Premio Nacional de Literatura e candidata ao Premio Astrid Lindgren, achega a historia e o patrimonio da súa cidade natal a través da mirada de asombro da infancia. Unha aventura divertida e trepidante que conta coas ilustracións do grande artista plástico Xosé Cobas, que recrean os diferentes espazos urbanos.

Kalandraka Cartonado 21 x 29,7 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-1343-343-1

19 €



Leticia Costas Os minimortos Falso aniversario

Maya está nerviosa porque se aproxima o seu aniversario. Cando chega o día, os Minimortos prepáranlle unha festa sorpresa onde non falta de nada, mesmo hai uns impresionantes fogos de artificio que argallou Dinamito no seu laboratorio. Vai ser un aniversario imposible de esquecer, sobre todo porque o Outro Barrio aparece ateigado dunhas eirugas de luz que formaban parte do espectáculo pirotécnico. A luz que emiten é insoportable e todo o mundo está enfadadísimo, ata o punto de que alguén denuncia a Dinamito e a Policía Esqueleta lévao preso.

Xerais Rústica 14,5 x 20 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-1110-586-6

12,95 €



José Monteiro Lobato As travesuras de Nariciño

As travesuras de Nariciño, de Monteiro Lobato, é un clásico da literatura infantil brasileira. Nas súas primeiras aventuras participan Emilia, a boneca de trapo; a tía Anastasia, famosa polas súas deliciosas tortas; a dona Benta, unha avoa moi especial, e a súa neta Lucía, a nena do nariz requichado, a quen todos chaman Nariciño. Un día, Nariciño atópase cun peixiño e cun escaravello... vestidos de persoas! A tradución é de Anxo Tarrio. José Bento Monteiro Lobato (1882) está considerado como o pai da literatura infantil e xuvenil en Brasil. De feito o día 18 de abril conmemórase o Día do Libro en Brasil, en recordo da súa data de nacemento. O mundo do campo subministróu a Lobato vasto material para a súa produción, permitindo que aproveitara na súa ficción non só a tradición oral, senón tamén toda a opulencia da natureza brasileira, explotando a diversidade da flora, da fauna e da xeografía da rexión que coñecía tan ben. *Reinações de Narizinho* (1931) é a fundadora dunha especie de saga, cuxa publicación chega ata mediados da década de 1940

Hércules Rústica 14 x 21 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-19754-57-8

15,67 €

Sir Arthur Conan Doyle

Últimos títulos



Sherlock Holmes O sabuxo dos Baskerville

Cun sabuxo fantasmal solto e un home misterioso vivindo no páramo, Devon, ao Suroeste de Inglaterra, é un lugar perigoso, pero Holmes e Watson deben sobrepoñerse aos seus temores. Os dous investigadores son os encargados de resolver o asasinato de sir Charles Baskerville antes de que o seu sobriño corra a mesma sorte. En tradución de Xosé Duncan.

Bululú Rústica
13 x 21 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-10049-17-8

14 €




Sherlock Holmes Os señores de Reigate

Watson organiza unha visita a un amigo no campo. Pero, despois dun roubo que desconcerta á policía, Holmes vese envolto nunha rede de mentiras, chantaxe e asasinato. Só el pode dar cos viláns. En tradución de Maruxa Zaera.

Bululú Rústica
13 x 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-10049-10-9

14 €



Sherlock Holmes Os tres estudantes

Unha tranquila viaxe de investigación convértese nunha carreira contra o reloxo cando o profesor Soames chega a Holmes e Watson cun estraño misterio. Tres estudantes son sospeitosos de facer trampas.

Bululú Rústica
13 x 21 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-18667-89-3

14 €



María Canosa

Escola de bruxas

Mencia comeza un novo curso na escola para perfeccionar as súas técnicas de maxia e meigallos rodeada doutros nenos bruxos e nenas bruxas. Nunca antes vira tantos compañeiros xuntos. E nunca se sentira tan soa e diferente. Tanto que ata pensou que o de ser bruxa non era o dela. Pero non hai nada que se resista ao seu esforzo e a unha boa amizade.

Xerais Rústica 13 x 20 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-585-9

12,95 €



Gianni Rodari


As aventuras de Pinoquio

"Velaquí comezan as aventuras de Pinoquio, as súas travesuras, monicreque famosísimo polo seu nariz longuíssimo". Así inicia Gianni Rodari a súa especial homenaxe a un dos personaxes máis senlleiros da literatura universal, onde se atopan os personaxes que Collodi imaxinou, o boneco de madeira, o seu creador Geppetto, o Tragalumes, a fada Turquesa, o mastín Alidoro, o Grilo..., a través da xenial e divertida pluma do "gramático da fantasía". As imaxes son de Maruxa Caeiro e a tradución, de Leandro García Bugarín.

Galaxia Rústica 13,5 x 24,5 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-1176-340-0

15,58 €



Guy Edmonds e Matt Zeremes


Diarios Zombi 3. Deja muuu!

Jimmy vive unha apocalipse zombi totalmente estrañal! As vacas-z fixéronse co control de Vilacú. Así que os seus mellores amigos Daisy e Hooey e mais el están a sacar os mares nun barco chamado Vilamarabilla! É tan grande coma unha cidade e ten de todo. O barco conduce ata certo billonario que os pode axudar a converter a muuu-nai de Jimmy de volta nunha nai humana. Sempre e cando un científico malvado e o seu épico robot se manteñan moi moi lonxe. En tradución de Xosé Duncan. Con ilustracións de Jake A. Minton.

Bululú Rústica 13 x 21 cm 256 páxinas

ISBN: 978-84-10049-15-4

14,90 €



Eduard Altarriba

Que é a guerra

Libro tamén ilustrado por Altarriba que está pensado para responder de maneira sinxela todas as preguntas que se susciten despois de ver noticias sobre a guerra. Comprender como funcionan as guerras, as súas causas e consecuencias é o primeiro paso para a paz. A tradución é de Moisés Barcia.

Sushi Rústica 20 x 25 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-16884-90-2

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Ana María Fernández

Pirata pregunta por ti

"Agora o teu gato é meu". Ese é Pirata que vai acompañar á protagonista a superar o falecemento da súa avoa. "Semella que busca a túa sombra por toda a casa e, aínda que se faga o durmido sentado na túa butaca, as máis das veces está cun ollo aberto por se te ve pasar". As ilustracións son de Lili Alga.

Galaxia Rústica 13 x 20 cm 108 páxinas

ISBN: 978-84-1176-329-5

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Andrea Barreira Freije

Quen precisa unha avoa?

Este curso non pinta ben para Marta. O mestre quere traballar nun proxecto para o que van falar coas súas avoas, pero ela non ten avoas! E iso que, se mira ao redor, ve unha chea. Non lle queda outra e terá que secuestrar unha avoa, e nada mellor que involucrar as súas amigas para levalo adiante. As ilustracións son de María Montes.

Xerais Rústica 14 x 21,5 cm 296 páxinas

ISBN: 978-84-1110-569-9

14,50



Abel Tomé


Milú e o edificio das persoas extraordinarias

Milú vive coa súa nai na cidade de Parísia, no edificio Les Marginaux, onde todos os nenos que o habitan posúen un don que os fai extraordinarios. O don de Milú é construír soños. Coa escusa de que o edificio está estartelado, as autoridades mandan un aviso para que se desalo xen as vivendas canto antes. Pero Milú e os outros nenos e nenas teñen un plan para tentar evitar que os expulsen dos seus fogares. Unha luminosa fábula social sobre o poder da imaxinación infantil para soñar un mundo mellor.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1110-584-2

12,95 €



Herman Melville
Billy Budd

A derradeira novela escrita por Herman Melville, que non se publicaría até trinta anos despois da súa morte. A acción ten lugar a finais do século XVIII, cando o lume da Revolución Francesa se espallou polos mares e levou a enfrontárense a dúas das grandes potencias da historia, Francia e Gran Bretaña. No medio desta guerra, un gaviño é recrutado á forza por un buque británico. A inocencia, beleza e bondade do mozo non son ben recibidas entre os demais mariños. O autor desprega toda a experiencia das súas viaxes por mar e utiliza o seu profundo coñecemento da natureza humana para sacar á luz o mellor e o peor de cada quen. A tradución é de Xosé Duncan e as ilustracións, do galego Javier Vidal Aguilera.

Bululú Rústica 14 x 24 cm 146 páxinas

ISBN: 978-84-10049-21-5

17,57 €

Alice Oseman

Banda deseñada




Heartstopper 2

O Nick e o Charlie son mellores amigos. O Nick sabe que o Charlie é gay, e o Charlie está seguro de que o Nick non o é. Mais o amor funciona de xeitos sorprendentes, e o Nick está a descubrir todo tipo de cousas sobre as súas amizades, a súa familia e sobre si mesmo. Este é o segundo volume da serie best-seller *Heartstopper*, escrita e debuxada pola autora premiada Alice Oseman.

Xerais Rústica
15 x 23 cm 320 páxinas

ISBN: 978-84-1110-581-1

15,15 €




Heartstopper 1
Rapaz coñece rapaz

O Charlie e o Nick están no mesmo instituto. Non se coñecían mais un día teñen que sentar xuntos e axiña se fan amigos. Charlie comeza a namorar do Nick, aínda que pensa que non ten ningunha oportunidade. Mais o Nick está máis interesado no Charlie do que calquera deles pensa. Este é o primeiro volume da serie *Heartstopper*.

Xerais Rústica
15 x 23 cm 288 páxinas

ISBN: 978-84-1110-580-4

15,15 €




David Cortizo Conde
Púrpura Tero

Ausela pérdese na gran chaira deserta que cobre case totalmente Púrpura Tero, e busca acubillo nunha cova, onde agarda a que a súa cuadrilla a atope, mentres non deixa de pensar no obxecto que viu caer desde o espazo. No seu planeta abrolla unha planta con propiedades especiais moi cobizada por toda a galaxia. Se desen con ela, podería significar a fin da vida dos chaireiros tal e como a coñecen. Ausela e a súa cuadrilla terán que facer fronte a unha ameaza insospeitada para salvar a vida e a súa cultura. Unha aventura no tempo e nos espazos futuros.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 124 páxinas

ISBN: 978-84-1176-335-6

13,90 €



Nando López
A idade da ira


Marcos non é o alumno que saca as mellores notas, pero é o máis popular do seu instituto, o líder entre os seus compañeiros e o obxecto de desexo das súas compañeiras. Sen motivo aparente, asasina ao seu pai e deixa ferido de gravidade a un dos seus irmáns. A electrizante investigación deste caso leva a un periodista a amosar un mundo adolescente descarnado e sen tópicos. En tradución de Xosé Duncan.

Bululú Rústica 14 x 21 cm 356 páxinas

ISBN: 978-84-10049-14-7

18,52 €

XVI PREMIO JULES
VERNE DE LITERATURA
XUVENIL 2024




Raquel Fernández
Fernández
I'm Obélix

Isma, un mozo de 13 anos, afronta un novo curso do instituto cun cambio significativo na súa vida: unha diagnose de TDAH. O que en principio semella algo positivo para a familia, xa que chega acompañado de respostas –e mesmo de certo alivio–, converte-se nun drama no ámbito escolar, onde o protagonista terá que enfrontarse ao descoñecemento e á falta de sensibilidade dun sector do profesorado e do alumnado. Con certos toques de humor e unha chea de referencias ao mundo adolescente actual, *I'm Obélix* achega á crúa realidade do día a día nun instituto calquera, onde ser diferente é un desafío e, demasiadas veces, constitúe unha traxedia para a vítima e a súa familia.

Xerais Rústica
13 x 21 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-1110-587-3

12,95 €



Beatriz García Turnes
A maldición do papiro alexandrino

Nadal de 1918. Ao finalizar a Gran Guerra, Atenea Donadieu regresa a Francia para iniciar os seus estudos universitarios. Axiña, a súa intelixencia e os seus coñecementos chaman a atención na Facultade e levan a súa compañeira Olga Aleksandrova a facerlle unha encarga moi especial: debe axudarlle a recuperar un antigo papiro roubado. Deste xeito, Atenea non só lle fará un gran favor á súa nova amiga, senón que evitará o cumprimento da maldición que ameaza o novo dono do manuscrito.

Xerais Rústica
13 x 21 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-1110-570-5

12,95 €

María Álvarez Landesa

Os pozos elegantes das clavículas



alvarelllos


María Álvarez Landesa Os pozos elegantes das clavículas

A voz inmaculada dunha muller orfa que sabe que perdeu a súa condición de filla. Así define os novos versos de María Álvarez Landesa (Vigo, 1970) a tamén poeta Miriam Ferradans no limiar a esta obra, na que a autora rende homenaxe á súa nai. O libro inclúe un código QR onde escoitar á autora recitando algúns dos seus poemas sobre as bases musicais de Paco Dicenta. "A través dunha retrospectiva tenra, madura e, en certo modo, irreverente, viaxamos canda ela a unha infancia en primeira persoa, a unha continua poética da apelación do nós", prosegue Miriam Ferradans.

Alvarelllos Rústica 14 x 21 cm 66 páxinas

ISBN: 978-84-18567-63-6

14,50 €

Pilar García Rego
desaparecer


Pilar García Rego Desaparecer

"Este foi un libro escrito durante un proceso difícil, trastornado, nun movemento de precesión, expulsivo", revela a autora na contracuberta, antes de preguntarse "En que consiste a valentía?" Pilar García Rego (1966) é comunicadora e xornalista. Desenvolve o seu traballo na TVG desde 1989 en programas culturais. É autora do guión *A casa do barqueiro*, proxecto de longametraxe (2002) e foi guionista/editora de series de televisión como *Rías Baixas*, *Libro de familia* e *O faro*. Publicou os poemarios *Sandalías verdes, zapatos azuis e cans negros* (2019), *Humanario* (Galaxia, 2021) e *War is over* (2024), colaborou no *Manifiesto 25N. 30 voces pola eliminación da violencia contra a muller* (2021) e na antoloxía de xénero *Así fala Penélope* (2021).

Galaxia Rústica 12 x 22 cm 118 páxinas

ISBN: 978-84-1176-339-4

14,50 €



Medos Romero

AS FLORES DO BALEIRO


Medos Romero As flores do baleiro

As flores do baleiro é un pranto contido diante dunha inmensa traxedia humana, un testemuño poético e persoal desde o ventre da pandemia, a dor en extrema soidade, di a autora. Tamén é a fragilidade do ser humano, o seu egoísmo e a súa necidade, e a barbarie na súa dimensión máis salvaxe, onde "somos máscaras desta traxicomedia debuxando cicatrices que espantan".

Galaxia Rústica 12 x 22 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-1176-337-0

14 €

Neves Rodríguez
CUSPINDO
MISERIAS


Neves Rodríguez Cuspindo miserias

Cada verso deste libro "é un berro que dá voz ás dores mudas. Este poemario anda nun carreiro escuro, visceral, sucio", di a autora. Poemas descarnados e cruz. Poesía en coiros. Neves Rodríguez naceu en Donostia e fíxose a lume manso en Galicia. Quixo ser arqueóloga e rematou sendo comunicadora e actriz. Gusta de non facer nada e de tentar facelo todo.

Galaxia Rústica
12 x 22 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-1176-338-7

14,50 €



OUTRAS LINGUAXES

Xoán Neira
Ilustracións: Otero Regal

MEDIOLIA

Xoán Neira López Outras linguaxes

Xoán Neira regresa ao memorando das fontes da nenez. "Nesa memoria persistente, inicia e pecha este libro. Neste caso temos que engadir o seu oficio e profesión de pedagogo. Con tantos anos de profesor, atopou na súa vida un sitio oportuno para reivindicar aqueles tempos como espectador de nevadas no seu Meilán nativo, recollendo no seu imaxinario tantas transcendencias para transbordalas ás aulas". Extracto do prólogo de Xosé Lois García.

Medulia Rústica
20 x 20 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-10324-27-5

17 €

Alexandre
Corbillón

O SEGREDO DO TRASNO

Lumiar de
Xosé Lois Méndez Ferrín

Alexandre Corbillón O segredo do trasno

A descuberta dun novo territorio sempre é a descuberta dun novo mundo. Atopar novas xentes e novas paisaxes fainos reverdecer os vellos vínculos cos nosos. Desá fascinación toma este libro de poemas a súa materia prima. Novo título da colección Vallalonga de poesía que Aira coedita coa Fundación In-sua dos Poetas.

Aira Rústica
13 x 21 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-128837-7-0

17,10 €

X. L. Méndez Ferrín
Poesía reunida

X. L. Méndez Ferrín Poesía reunida

Amén doutros libros, neste volume inclúese tamén a poesía dispersa de X. L. Méndez Ferrín, que en parte fora xuntada polo autor en *Era na selva de Esm* (2004). Da man de Anxo Angueira, profesor da Universidade de Vigo, escritor e ensaísta, esta edición da poesía do autor ourensán ofrece un longo estudo introdutorio, así como un detallado repertorio de notas de cada poema.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 552 páxinas

ISBN: 978-84-1110-579-8

25,60 €

Fernando Fernández Rego



Anos 80

Movida, Atlantismo, Vanguardismo, Underground

Percorrido por esa década intensa e rupturista que marcou o futuro da música e das artes en Galicia. Aínda que a música é o eixe central do libro, fanse paradas na contracultura, o "faino ti mesmo", os fanzines, o audiovisual, a poesía e a plástica. Foron tempos efervescentes en que proliferaron os camiños alternativos e subterráneos, e onde tivo lugar unha transformación radical, tanto da sociedade como das artes.




Galaxia 24 x 31 cm Rústica 460 páxinas
ISBN: 978-84-1176-332-5
30,40 €



Unha historia da música en Galicia 1952-2018

Centos de horas de entrevistas e miles de fotografías para tecer este percorrido pola historia da música en Galicia, dende os anos 50 ata a actualidade. Tomando como punto de partida esas orquestras e conxuntos que pouco a pouco comezan a virar cara o pop, o texto avanza analizando en profundidade os principais focos e escenas. Páxinas cheas de imaxes e fotografías, froito dunha intensa investigación e documentación por parte do autor.

Galaxia 24 x 21 cm Rústica 848 páxinas
ISBN: 978-84-9151-337-7
40,85 €




Emma Pedreira

As horas mortas

Viaxes e conversas por cemiterios galegos

Concibido como unha guía de lugares mais tamén como un compendio de historias para ler dende o sofá, este libro percorre unha pequena parte dos máis de 3.600 cemiterios galegos, dende o histórico Santo Amaro ata un dos cemiterios máis pequenos do mundo. Da tumba dun Nobel ata a dun actor proposto ao Óscar. As veces soa e outras acompañada por persoeiros vencellados ao cemiterio que visita, a autora viaxou para coñecer máis de cerca as lendas e as historias reais, ás veces con límites difusos, para ofrecer unha antoloxía de lugares fúnebres, rituais e crenzas relacionadas coa vida e a morte. Percorridos como a Ruta dos Cemiterios indianos do norte, os cemiterios ilegais, os desaparecidos, republicanos, protestantes e de disidentes, son algunhas das propostas d'As horas mortas.

Baía 19 x 20 cm Rústica 416 páxinas
ISBN: 978-84-9995-453-0
26,60 €




José A. Caride Gómez e Xesús Rodríguez Rodríguez (Coord.)

Realidades e horizontes da educación en Galicia

Quere ofrecer unha mirada panorámica sobre cuestións fundamentais do desenvolvemento educativo en Galicia. E tamén facer unha homenaxe á traxectoria docente e investigadora do profesor Antón Costa Rico, quen ao longo de máis de catro décadas asumiu un relevante papel na docencia universitaria e na xestión institucional. Neste libro-homenaxe proxéctanse os testemuños –reconvertidos en temas, reflexións e propostas– dun amplo e diversificado conxunto de docentes, investigadores e especialistas que –dun xeito ou doutro– mantiveron ou manteñen relacións de amizade e aprecio con Antón Costa. Inclúese unha contribución súa, que pecha este volume sobre "a nosa educación", os seus escenarios do pasado e do presente e os retos cos que imaxina os horizontes do seu futuro.

Kalandraka 15 x 21,5 cm Rústica 382 páxinas
ISBN: 978-84-1343-325-7
20,90 €



Rosa Luxemburg
Cartas desde a cadea

Rosa Luxemburg (1871-1919), destacada figura do marxismo e do antimilitarismo, escribiu durante o seu encarceramento entre 1916 e 1918 unha serie de cartas á súa amiga *Sonja Liebknecht*, esposa de *Karl Liebknecht*, cofundador da *Liga Espartaquista*. Estas cartas, traducidas ao galego por Almudena Otero, revelan unha faceta máis íntima de Rosa, onde o teórico se entrelaza co persoal. As súas reflexións, que van desde a política ata a botánica, son sorprendentemente actuais e reivindicando outra forma de relacionarmos coa natureza e coa vida. Esta escolma de 22 cartas ofrece non só un documento histórico, senón tamén unha obra literaria de gran beleza e forza poética, mostrando como as relacións afectivas teñen un potencial revolucionario. A edición inclúe notas explicativas e un limiar de Almudena Otero que sitúa a correspondencia no contexto histórico, destacando a vixencia do pensamento de *Luxemburg* nas loitas feministas e poscoloniais actuais.

Laivento 14 x 21 cm Rústica 88 páxinas
ISBN: 978-84-8487-693-9
13,95 €



Xosé M. Masa Vázquez
A longa marcha da xeometría

Medramos coa presenza limpa das rectas, malia vivirmos nunha superficie curva ao abeiro dun espazo infinito. Estas páxinas percorren unha longa marcha, a da evolución das teorías xeométricas, dende os albores da civilización ata esa modernidade que fai eclosión no século XIX. Unha andaina instrutiva que arriba a unha abstracción insospitada, derrubando a ilusión dunha xeometría natural.

USC 12 x 18 cm Rústica 182 páxinas
ISBN: 978-84-19679-55-0
10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

X. L. Méndez Ferrín



XIV PREMIO
MANUEL MURGUÍA
DE ENSAIO 2023

Blanca Paula Rodríguez Garabatos

Arte dexenerada galega



Catro exemplos fóra da España saudable

En *Arte dexenerada galega. Catro exemplos fóra da España saudable* abórdase o labor dos máis importantes artistas da vangarda galega: Seoane, Granell, Mallo e Colmeiro como piares do compromiso artístico, axentes do cambio social e pontes entre artes plásticas e literatura. A "arte dexenerada" dos vangardistas galegos non foi admitida na España franquista, mais o seu traballo floreceu en América e Europa, pero descoñeceu na súa terra. Coa chegada da democracia, a súa obra atopou o lugar nos museos; pero, para chegar a este punto, houbo que percorrer un longo camiño, marcado polo exilio persoal e o ostracismo artístico.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 146 páxinas

ISBN 978-84-1176-346-2

16,05 €




Primeiro foi Galicia

Reunión de textos que indagán nas relacións históricas (e silencios) entre Galicia e Portugal, e viceversa, reunidos baixo o significativo epígrafe "Lonxe de nós e dentro: Portugal"; e un segundo apartado, titulado "Gallaecia suévica", no que o autor aborda a relevancia do estado que, no século V, ergueron na Gallaecia os suevos, con capital en Bracara Augusta, actual Braga. O primeiro reino da Europa despois da desaparición do Imperio romano. Todos os textos foron revisados de novo polo autor, nunha edición ao coidado de Fernando Ramallo.

Alvarellos Rústica
12 x 19 cm 106 páxinas

ISBN: 978-84-18567-62-9

13,90 €



Castelao é noso

Volume que reúne os ensaios que Xosé Luís Méndez Ferrín dedicou á figura política de Castelao dentro da súa coñecida serie de artigos "No Fondo dos Espellos", publicados no *Faro de Vigo* entre 2007 e 2020. En total, trece textos aparecidos entre 2014 e 2019. Entre eles, a serie completa (en sete entregas) dos que tituló como "Castelao é noso", recollendo así un verso dun coñecido poema de Celso Emilio Ferreiro. A edición foi supervisada polo propio autor e estivo ao coidado do catedrático de Lingüística Xeral da Universidade de Vigo Fernando Ramallo.

Alvarellos Rústica
12 x 19 cm 92 páxinas

ISBN: 978-84-18567-61-2

13,90 €



Alba Díaz Geadá

Uma história pequena da Galiza rural

(1939-1982)


Analisa as mudanzas da vida rural na Galiza durante a ditadura franquista e o proceso de mudanza de réxime político. Recolle experiencias de represión, de desigualdade e de luta, e situa a súa comprensión num quadro específico de relacións sociais. A partir de testemuños persoais e da análise histórica, ofrécese unha visión abrangente de como a forma de organización social capitalista, no seu transformarse, afetou profundamente a estrutura das comunidades rurais do país.

Através Capa mole
13 x 19 cm 82 páxinas

ISBN: 978-84-16545-94-0

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Xosé M. Núñez Seixas

Os inmigrantes imaxinados

Historia sociocultural da colectividade galega na Arxentina entre finais do século XVIII e mediados do XX. Analiza a conformación da súa identidade colectiva en relación coas imaxes que sobre os inmigrantes circulaban naquela sociedade, entre os séculos XIX e XX. O peso dos estereotipos negativos e a súa evolución, a competencia e complicidade con outras colectividades e o papel das elites galegas no fomento de imaxes alternativas do bo inmigrante. Tamén se revisan as actitudes dos inmigrantes cara á súa lingua e estúdanse as súas festas, con especial atención ao teatro xerado na colectividade galega de Bos Aires.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 432 páxinas

ISBN: 978-84-1176-322-6

26,60 €



Olivia Rodríguez González (Ed.)

Palabras para o noso tempo


Xesús Alonso Montero

Selección de quince discursos de Xesús Alonso Montero, mantendo na transcripción do texto o espírito fiel da oratoria orixinal. Un traballo que partiu de moitas horas de gravación e transcripción a cargo de Carmen Blanco Ramos, e que estivo ao coidado de Olivia Rodríguez González para esta edición. O autor afirma ter pronunciado máis de 5.000 discursos. Por eles van pasando personaxes como Rosalía de Castro, Isaac Díaz Pardo, Emilia Pardo Bazán, Francisco Fernández del Riego, Borobó, Ramón Piñeiro e Xosé Neira Vilas.

Alvarellos Rústica
13 x 23 cm 356 páxinas

ISBN: 978-84-18567-59-9

22,32 €



Fran Ferreiro Chao-Abella

País estático, tempos salvaxes

"Churrasco, verbena, rapaces novos que se man en coches vellos, prebostes galeguistas que ninguén reconece pola rúa: cando Santiago Jaureguizar lle ofreceu a Fran Ferreiro colaborar no Táboa Redonda, o suplemento cultural de *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*, seica esperaba iso: cultura. Pero para cousas tan complicadas sempre haberá xente máis capaz. Aquí temos un observador imprevisible, divertido e asombrado por unha Galicia sempre diferente de como a imaxinamos, nola contaron e a queremos". Texto da editora.

Morgante Rústica
13,5 x 21,5 cm 102 páxinas

ISBN: 978-84-19040-35-0

15 €



Xosé Ramón Branco Buxán

Nadal e consumismo


Lucrativas realidades sociais baseadas en invencións

O texto analiza como o Nadal, orixinalmente unha festividade relixiosa, foi transformado pola sociedade capitalista nun período de consumismo extremo. Revela que a súa celebración e data son invencións da Igrexa Católica e desmonta as falacias consumistas do neoliberalismo ao cuestionar ideas erróneas como o desenvolvemento medido polo PIB e a crenza de que o consumismo proporciona felicidade. Destaca a necesidade de recuperar o verdadeiro espírito destas festas e promover prácticas máis sostibles e éticas.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 256 páxinas

ISBN: 978-84-8487-701-1

18,95 €



Carlos Callón

Vidas e historias LGBT da Idade Media

Centrándose sobre todo en documentación galega e portuguesa, ofrece información crucial nunha dimensión europea. Aborda diferentes relatos e retratos que quebran o que se podería pensar sobre esa etapa: o matrimonio máis antigo entre homes documentado na Península (entre Pedro Díaz e Munio Vandilaz, en 1061); o "amor" entre Sancha Pérez e María Leve na Compostela do século XIII; a existencia dun santoral LGBT arraigado na Galicia medieval (con figuras como Paio e Adaúlfo, e tamén co "santo atrevemento" trans de Esmerado ou Uxío); varios casos de modificacións de manuscritos para que non se vise neles textos gays oulésbicos (por exemplo, unha cantiga de amiga entre dúas mulleres).

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 304 páxinas

ISBN: 978-84-1110-608-5

18,52 €



Cristina Huete e Primitivo Carbajo

Os Baltar


A senda do caciquismo na democracia plena

José Luis Baltar e o seu fillo José Manuel gobernaron na Deputación Provincial de Ourense durante máis de tres décadas. A súa forza política asentouse basicamente nunha tropa alistada por Eulogio Gómez Franqueira, o fundador de Coren, no tránsito do franquismo á democracia, e á fin integrada no PP sen perder un perfil propio, coa bandeira centrista e, na última etapa, a da ourensania. Os autores destapan a senda destes políticos ata completar un cadro insólito no marco da democracia plena.

Morgante Rústica
16 x 22,8 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-19040-45-9

19 €



Antón Álvarez Sousa (Coord.)


A Galicia do século XXI

O mundo en xeral, e a sociedade galega en particular, está a experimentar profundos cambios asociados con procesos de dixitalización, grandes riscos e crises globais que afectan ás organizacións e á vida cotiá. Ao longo dos diferentes capítulos deste libro é posible descubrir como están condicionando estas cuestións o territorio de Galicia, a súa natureza e os montes, a pesca, os mares, o turismo, o lecer, o mercado laboral, a educación, a poboación e a despoboación, a riqueza e a pobreza, a saúde mental, as migracións, a reconfiguración urbana, os incendios e mesmo a lingua da man de 34 autores e autoras de recoñecido prestixio que fan unha análise precisa e con proxección de futuro.

Xerais Rústica
17 x 24 cm 336 páxinas

ISBN: 978-84-1110-538-5

21,80 €



Xosé Lois García


Simbología do románico de Taboada

Libro que recolle o resultado dun intenso traballo de campo arredor do románico de Taboada, un dos máis interesantes do centro de Galicia pola súa diversidade. É así que percorre as igrexas de Bemibre, Bouzoa, Campo, Castelo, Cerdeda, Piñeira e Taboada dos Freires. O autor dá as chaves necesarias para comprender o que se agocha detrás da simbología que enche a multitude de recantos destas igrexas nas que deixou a súa marca o mestre Pelaxio e o seu obradoiro. Con fotografías de Fran Rodríguez Luaña.

Dep. de Lugo Rústica
20 x 26 cm 220 páxinas

ISBN: 978-84-8192-605-7

24,70 €



Ramón Villares (Dir.)

Razón de Historia


Centenario dos estudos de historia na Universidade de Santiago de Compostela

Os estudos de Historia na Universidade de Santiago cumpriron cen anos no curso académico 2022-23. A través de sólidos estudos, biografías e testemuños directos, esta obra coral, profusamente ilustrada, proporciona unha estampa, a un tempo evocadora e rigorosa, intensa e sensible, dun centro universitario senlleiro, que recolle o mellor dos seus cen anos para proxectarse no futuro.

USC Cartonado
17 x 24 cm 299 páxinas

ISBN: 9788419679987

28,50 €



Xulián Maure Rivas

Documentos medievais de Santa María de Baiona (1274-1531)

Estudo sobre 55 pergameos en galego relacionados coa igrexa de Santa María de Baiona depositados no Arquivo Histórico de Tui. A función da publicación destes documentos "é facer lexible e difundir esta pequena parte do gran patrimonio documental da lingua galega medieval" e entender mellor a historia de Galicia.

C. da Cultura Rústica
17 x 25 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-17802-65-3

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12€



VV AA

As xeracións do Montserrat

Memoria emocional da emigración galega ao Reino Unido


Libro da exposición do Consello da Cultura que tivo lugar hai un ano na Coruña e posteriormente en Vigo, comisariada por Xesús Fraga.

C. Cultura Rústica
17 x 23 cm 126 páxinas

ISBN: 978-84-17802-59-2

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12€



Mikki Kendall

Feminismo de barrio


Notas das mulleres que o movemento esqueceu

O movemento feminista actual ten un punto cego, que, paradoxalmente, son as mesmas mulleres que o compoñen. Como podemos ser solidarias como movemento, preguntábase Kendall, cando existe a clara posibilidade de que algunhas mulleres estean a oprimir a outras? Na súa mordaz colección de ensaios, Kendall apunta á lexitimidade do movemento feminista moderno, argumentando que este fracasou cronicamente á hora de abordar as necesidades de todas as mulleres. Tradución ao galego de Ivonete Da Silva.

Hércules Rústica 11 x 24 cm 248 páxinas

ISBN: 978-84-19754-55-4

18,52 €



Mercedes Núñez


O triángulo vermello

Terceiro título da colección Pequena Memoria, para recuperar as voces silenciadas da historia. Achea unha biografía emocional de Mercedes Núñez (1911-1986) política republicana e militante antifascista que logra sobrevivir ao Cárcere de Ventas franquista e ao campo de concentración nazi de Ravensbrück e dedica os últimos anos da súa vida a denunciar a represión sufrida no que foron dous verdadeiros infernos para as mulleres. A súa biografía é unha lección de vida, de solidariedade e compromiso coa liberdade e a xustiza, e chega aquí a través da mirada inocente do seu fillo Pablo.

Xerais Cartonado 20 x 27 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1110-208-7

15,67 €



Narciso de Gabriel

Xogar coa pólvora


A educación das mulleres e as mulleres como educadoras

Narciso de Gabriel arma o libro arredor de tres homes ilustrados: Feijoo, Sarmiento e Vicente do Seixo. Tres mulleres ilustres: Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán. Dous eventos: os debates que sobre a educación feminina tiveron lugar no Ateneo da Coruña en 1859 e no Congreso Pedagóxico Hispano-Portugués-Americano celebrado en Madrid en 1892. E dous procesos históricos: o acceso das mulleres á escola e ao profesorado. A tese central condénsase no subtítulo: a necesidade de educar as mulleres xustificouse historicamente atendendo á súa función de nais educadoras. Unha educación que, así e todo, non estaba exenta de riscos: a ilustración das mulleres podía desviarlas do camiño que a sabía natureza lles marcaba. Non conviña xogar coa pólvora.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-1176-336-3

21,10 €



Esther Corral Díaz e Yara Frateschi Vieira (Coord.)


Mulleres medievais

Textos e imaxes na lírica galego-portuguesa

Compilación de textos e imaxes que dan testemuño da relevancia da muller no marco literario e histórico da lírica galego-portuguesa, un vigoroso e variado escenario feminino que atende tanto a figuras históricas como a categorías sociais e relacións colectivas (familiares, sociais e amorosas) para proporcionar unha estampa da muller na lírica medieval en todas as súas facetas. Como complemento, a obra inclúe un detallado estudo da representación feminina nas miniaturas do *Cancioneiro da Ajuda* e dos apéndiceos que rastrean os posibles antecedentes na lírica das carjas e a súa evolución no *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende.

USC Rústica
17 x 24 cm 323 páxinas
ISBN: 978-84-19679-59-8

23,75 €



Luisa Muñoz Abeledo

As mulleres e o mar


O traballo feminino nas industrias marítimas de Galicia

